

LIMIAR

Introduction

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é un proxecto do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que dende 2016 publica traballos académicos dos investigadores máis novos do ámbito da Filoloxía Galega, entendida esta nun senso amplo.

Neste novo Vol. 8 de *CUMIEIRA* (2023) recóllense catro investigacións: unha de Gramática, dúas de Sociolingüística e outra de Didáctica da literatura, e, como novidade a partir deste volume, unha sección de recensións de obras literarias e monografías de investigación de autoras e autores novos.

A publicación iníciase co traballo de Iria Domínguez Márquez, no que examina a presenza ou ausencia do artigo determinado co posesivo en frases nominais nucleadas por nomes de parentesco no galego contemporáneo, tendo en conta algunhas variables semánticas, gramaticais e cronolóxicas. A autora conclúe que a presenza do artigo co posesivo nestas construcións foi aumentando no tempo e é maior cando a relación de parentesco é descendente, o nome vai en plural e fai referencia a máis dun posuidor, con funcións sintácticas que precisan de preposición e cando a modalidade do enunciado é negativa.

A seguir vén o traballo de Simon Moll, que avalía as actitudes, identidades e ideoloxías transmitidas por cinco neofalantes de galego. Os resultados tirados de entrevistas semiestruturadas con eles veñen coincidir en parte con outros xa coñecidos sobre os neofalantes, como o feito de se declararen bilingües con predominancia do galego, a ligazón entre esta lingua e a identidade galega, o carácter emancipador-resistente de falar galego ou a valoración positiva dos falares dialectais. Pero os resultados obtidos polo autor tamén difiren, complementan ou matizan os existentes en aspectos como a consideración da lingua como símbolo da identidade nacional, a idea negativa do futuro do galego ou o conflito identitario entre falantes nativos e neofalantes.

A investigación de Estefanía López Tanoira, enmarcada dentro da ecoloxía lingüística, márcase como obxectivo principal dar conta da competencia bilingüe en galego e castelán dos pais e nais dun CEIP pontevedrés e do contraste co alumnado de 3 anos. A autora conclúe que as prácticas lingüísticas dos nenos da aula investigada, que ben podería ser paradigma doutras escolas infantís galegas, só se

desenvolven en castelán e que a lingua que se usa nas casas con eles determina a predominancia lingüística dos nenos e nenas na escola.

Finalmente, Lucía Salceda García, partindo da idea de que as lecturas literarias deben ser un medio de traballar a comprensión lectora pero tamén o pensamento crítico do alumnado, realiza unha proposta didáctica consistente na análise e contraste dos roles de xénero a partir da figura da bruxa en varias novelas de carácter xuvenil, entre elas a titulada *Valdemuller*. A autora conclúe que as lecturas críticas poden axudar a mudar condutas sexistas no alumnado, a crear novos vínculos entre o profesorado e o alumnado ó se sentir este máis incluído e valorado, ademais de formar bos lectores con pensamento crítico.

No novidoso apartado de recensións, Arantxa Luna Díaz comenta o libro de relatos *A pintura debida*, de Fabio Rivas, en tanto que Helena Domínguez García analiza a monografía *Toponimia do Val de Fragoso 8. Valadares*, de Aranzazu Luna e Gonzalo Navaza.

Neste Vol. 8 de *CUMIEIRA* (2023) fixeron parte da Comisión de revisión científica, Benigno Fernández Salgado, Ana Iglesias Álvarez, Antía Monteagudo Alonso, Alexandre Rodríguez Guerra e Xosé A. Fernández Salgado, profesores todos da Universidade de Vigo. *CUMIEIRA* quere agradecer tamén a Benigno F. Salgado, a revisión da versión inglesa dos *abstracts*.

Dende o número inicial, *CUMIEIRA* tira unha edición en papel, que se envía ás principais bibliotecas galegas (UVigo, USC, UdC, ILG, Fundación Penzol, RAG, Consello da Cultura Galega, CIRP, EMAO, Museo de Pontevedra etc.) e máis ás das facultades de filoloxía das Universidades do Minho, Complutense, de Barcelona, de Salamanca, de Oviedo e de León. Ademais, estes volumes poden descargarse gratuitamente en PDF no enlace <<http://webh03.webs.uvigo.es/cumieira-cadernos-de-investigacion-da-nova-filoloxia-galega-2/>>.

As páxinas de *CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* están abertas á publicación de novas investigacións no ámbito da lingua e literatura galegas, lusófonas e doutras linguas, sempre que resulten de interese para o galego. No final deste volume poden verse as *Normas* de presentación que se deben seguir.

XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO
xsalgado@uvigo.gal - Editor de *CUMIEIRA*
Universidade de Vigo